



D. Argimiro Marnotes Fernández, na súa condición de Concelleiro en nome propio e en representación do grupo municipal do Partido Popular no Concello do Carballiño, e con domicilio no municipio a efectos de comunicación en Rúa Cánovas do Castillo 2, 1º do Carballiño.

EXPÓN:

Sendo xa, martes 26 de xuño, os veciños/as do Carballiño, poden ver como as piscinas municipais están pechadas, deixando pasar días de intenso calor, e causando un gran inconveniente a infinidade de familias principalmente con cativos que se ven obrigados a levalos a outros municipios mais ou menos cerca e que están a cumprir cos seus veciños/as, xa que as piscinas do Carballiño son das únicas da provincia que aínda non abriron.

Estas instalacións nas que se xera unha actividade permanente e poderíase dicir tamén que imprescindible todos os veráns, deberían de estar xa en funcionamento alomenos, dende mediados de Xuño, e de xeito imprescindible, dende o xoves 21 de xuño, día de vacacións para os rapaces/as do Carballiño.

É polo que, se plantéxan as seguintes cuestións, das que esperarmos ter contestación canto antes, pois son preguntas que se fan tódolos veciños/as do Carballiño.

Estas son:

¿Cal é o motivo Real de non terse aberto as piscinas municipais a data do 22 de xuño de 2018?

¿Cando está previsto que se abran estas instalacións?

¿Cantos contratos se subscriben para o bo funcionamento das piscinas?

¿Contratase por separado o mantemento da auga e maquinaria, os socorristas, a taquilla, a limpeza de baños, o mantemento do céspede, e a Cafetería/restaurante?

¿Que servizo fai o Concello na piscina municipal do Carballiño por medios propios?

¿Pódese dicir que a piscina é un servizo privatizado ou non?

¿con data do 21 de xuño, téñense asinado todos os contratos necesarios para o funcionamento das piscinas?

¿con que data están asinados os contratos destes servizos?

¿algún dos contratos, se xa están asinados, están asumindo algún tipo de perdas por no terse aberto as instalacións?

¿E por causa dalgún incumprimento por parte dalgún dos contratos privados que afectan a este servizo?

¿Que incumprimento?

¿Este retraso, débese a falta de xestión política, falta de tramitación do expediente por parte de traballadores, ou cal é a causa?

Solicitamos de igual forma, poder ter acceso a todos os expedientes de contratación deste servizo.

Sen outro particular, agradecendo a súa atención, en O Carballiño a 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Argimiro Marnotes Fernández

Portavoz do Partido Popular no Concello do Carballiño

Á ATENCIÓN DO SEÑOR ALCALDE DO EXMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES
POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES

POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES POPULARES